

Que tempos aqueles cando non tiñamos reloxo para saber a hora na que viviamos ou morriamos! Guiabámonos pola radio, que tiña forma hexagonal, do avó: Pi, pi! *La Generala...* “*Son las dos de la tarde. Diario hablado de Radio Nacional...*”, unha voz solemne e requintada que ordenaba atención e respecto co seu ton afectado. Firmes: o parte do xeneral! A hora de manducar. E o avó axitaba a cabeza con faciana de poucos amigos escoitando as noticias debulladas en pompa e xabón, e dicía, bisbando contrariado, mentres levaba á boca o garfo ou o vaso de viño clarete que el chamaba “canonazo”: «Que desgraza de país!...». Anos despois, dous ou así, tivemos unha televisión, pero o avó soamente dicía, como queixándose da dirección do progreso: «De mal a peor, fuxir da cinza e caer nas brasas, prefiro a radio»... En xeral, involucionabamos xirando 360° ata quedarmos en nada: o punto de inicio: un choro na eternidade. O punto final: unha mancha de po no universo, unha agulla de bacallau. Iso era toda a nosa historia. «Espido saín do ventre da miña nai, e espido volverei alá». Job. «Espido nacín, espido estou: nin perdo nin gaño». Don Quixote. Vaia panorama!

E nin sequera tiñamos auga corrente. O corrente era non ter auga. É dicir, había que carretala da fonte, douscentos metros en án-

gulo recto, «siga vostede de fronte, e logo á man dereita pola esquina do zapateiro remendafoles, o dente de ouro que corusca na súa boca fará de guía, non ten perda, non son as fontes do Nilo, meu señor, inda que para nós é máis importante». Ou quizais fose menos, o sentido da distancia nunca foi o meu forte, e téño un chisco torcido pola memoria, que tamén é distancia, e máis naquel labirinto de rúas desiguais e entrecruzadas, que me río eu do de Creta. Risadas aparte, tratábase dunha fonte de ferro fundido por onde saía auga ferruxinosa (non podía ser doutra maneira, por iso era de ferro, todo ten a súa explicación neste mundo incompreensible e complexo, outro labirinto no cal non é doado orientarse), con boca de león, ou non había boca? A ver, un esforzo mental titánico...: pois non, non vexo a boca por ningures, nin sequera o león (comezamos ben!), acaso nos canos pegados ás paredes..., non!, semellaba unha flor, iso é!; pero isto non quere dicir nada, un dato fútil que sinala que a miña memoria é unha espumadeira, un coador, un aparello para relar as mazás. Dito doutro modo: que non son de fiar á hora de contar as cousas... Gustábanlle tanto as mazás reladas á avoa, e as compotas de froitas, e xogar á brisca facendo trampas! E ríase cando as facía, vaia que si, era boa coma o pan! E delatábase coa súa expresión risoña. «Que raro, avoa, o ás de ouros saíu tres veces nesta partida, é un milagre!». «Je, je, as co-renta!». «Avoa, na brisca non se canta!». Decía e porfiaba que fora ela quen inventara os sinais da brisca e rifara coas súas amigas, a señorita Luísa e a señorita Elisa que quedaran para facer zocos, cando ambas as dúas afirmaban que foran os holandeses, xa que o xogo inventáranos eles..., pero a miña avoa non se baixou da burra, non señor! Non o sei, nin entro nin saio, pero a miña avoa acenaba con moita graza... A min ensinoumas ela, ou sexa, que para min...

E a miúdo no dito lugar, o da fonte, había que facer cola, sobre todo ao mediodía e á noitiña, horas puntas, dándolle, mentres, ao parrafeo cos veciños e amigos, pasatempo moi loable e recomendable por aquilo que dicía Aristóteles que «somos animais sociais» (moitas

veces só animais, incluído o propio Aristóteles, non vaia a pensar ou poñerse farruco que por ser o autor da frase de marras, o iso parece, vai quedar fóra desta segunda categoría clasificatoria). O susodito pasatempo de darlle ó pico (e moitos e moitas o tiñan longo, e máis de un falaba por sete) tamén era moi perigoso pola sinxela razón de que as palabras non as levaba o vento, por aquilo de que «as verbas voan e a escritura permanece» que aparecía como epígrafe nun vello tratado de ortografía, senón que ían de boca en boca e tiro porque me toca (canto rin con aquela saída dun colexial que respondeu cando lle preguntaron o masculino de oca, e dixo con firmeza: parchís! Que lle dean o premio Nobel, se a outros danllo por moito menos!). A pulsión ancestral e instintiva de botar a lingua a pacer sen xeito, que inflama o curso da existencia co seu veneno mortal. A lingua: un misto que pode ocasionar unha grande queima. Si, si, a lingua, é coma outra fonte, con dous tipos de auga: balsámica ou pezoñenta. Que levante a man quen domine a súa lingua! Ninguén!, é máis difícil que recadar unha agulla nun palleiro! (Unha vez atopei unha, pero era de calcetar, pero agulla ao fin, e tamén conta, é de supoñer).

Logo, xa na casa, enchíase unha tina de zinc con auga fervendo e metíanche nela sen o cheirar, sen pedir a túa opinión, previamente quentada no lume da diminuta cociña de butano, marca Orbegozo, forte coma un buxo vasco, e batuxabas enerxicamente cun barco de plástico, quererían cocerte coma un bacoriño?* (Nota: poñer aquí un asterisco de lembranza (acáboo de poñer) para describir posteriormente e de maneira polo miúdo e con amplitude de detalles o barco en cuestión, ao estilo de George Perec, alias *O prolixo*. A min, en realidade, o que realmente me gusta é saír pola tanxente, mexar fóra do testo, falar do xato e esquecer o trato e encher os folios de parénteses, digresións e indirectas varias, coa certeza de que é un mal costume, hei de recoñecelo, pero a cabuxa tira ao monte. É a miña debilidade. E non se debe escribir así, non señor, debería estar prohibido polo goberno e as Academias da Lingua e Gramática. Teño que apren-

der a escribir *best sellers* de catro mil páxinas sen pestanexar e sen intermisións de ningún tipo. Nada, en media hora ou así, póño-me. Namentres ao gran. Ao conto. Que falta de seriedade!).

E o avó dicíame: «Ves? Isto é babor e isto estribor», sinalando os lados do buque, aínda que eu non posuía o concepto de lado, así que, cómo esperaba que me quedase con semellantes nomes? En realidade non posuía ningún concepto... Ben, seica un: o da propiedade privada, que parece que nacemos con el, xa que o miraba, ou iso creo lembrar, fixamente, cunha expresión desconfiada, e algo túzara, moi túzara, sexamos sinceros, como querendo dicirle: queresme devolver o barco ou non? Pero el non me facía caso, ou non comprendía os meus xestos, xa que seguía, sen decatarse da miña cara de perplexidade, co seu discurso mariñeiro vento en popa... Claro que era preferible iso ao que che dicían ou facían as mulleres, todas en xeral, da familia ou estrañas (que seres máis raros son as mulleres!, pensaba eu inconscientemente na miña nenez. Agora sígoo pensando conscientemente): estiraban unha man de dedos afiados coma pararraios diante da túa cara anxelical e pasmada (o pasmo é outra das características que veñen no paquete ontolóxico polo mero feito de ser, do pasmo se filosofa, sabido é que os filósofos eran uns pasmons, véxase por exemplo Tales de Mileto, que mirando para o ceo, caeu nun burato...), collíanos un a un coa outra pouta de uñas vermellas que ulían a verniz, aínda que eu non sabía naquel intre que o era, e que cravaban coma un puñal visigodo, isto tampouco o sabía, e dou fe diante dun notario se é preciso, e ti, pobre mequetrefe indefenso, oías outra ringleira de parvadas (coido que foi a primeira vez que tiven a intuición do que era unha babecada, pero non o teño claro): «Este foi á praza, este mercou un pito, ou galo ás veces, este pelouno, este guisouno, e este gordecho comeuno!», e facíanche garatuxas con voces estúpidas e relambidas e beliscábanche as faceiras (si, era fazuleiro coma un globo vermello, que lle imos facer!), e engadían, sen darche descanso para recuperararte, con xestos inverosímiles e artificiais: «E

como di a ovelliña?». Silencio desconcertado. «Beeeee...». «E como lle contesta o cordeiriño?». Mirada de rogo abatido, como pedindo árnica. «Baaaaa...». Pranto en dó de peito, de impotencia, suplicando piedade. Que cruz!

E a auga saía arredor da circunferencia da piscina de zinc, enchoupano o chan desigual de cor granate cheo de descascados. Que cor tan estraña para un solo! Daba igual, non posuía o concepto de cor e non tiña a máis remota idea do que era o chan. Palmeaba a auga con todas as miñas forzas, non sabía por que, un acto reflexo supoño, e zarrapicaba a torto e a dereito con entusiasmo, ata que oía, abraiado, cos fociños dunha cuarta, a cabreada voz do avó entre o vapor: «Estate quieto, carallo!», secando a cara coa man esquerda (escuso dicir que tampouco posuía a noción de dereita-esquerda, máis adiante, si, en varios sentidos), cun dedo, o moumiño, o que ía á praza ao parecer, dobrado sobre si mesmo; freneticamente refregaba o rostro e quedáballe avermellado coma un coche de bombeiros. A calor e o bafo íanse disipando, aumentaba a morneza, e logo o frío, brrrrr!, íase apoderando de ti. Comezaba a tremelicar, os dedos das mans engurrados coma pasas sorprendíanche desagradablemente e preguntábame: que pasou, poderei comelos? (En realidade, non tiña aínda a facultade de facerme preguntas e moito menos a capacidade de entender de física, que posteriormente tampouco tiven, nin por asomo, malia a miña estreita relación con Arquímedes e Pascal, aos que cría que ía odiar o resto da miña vida. Pasado o tempo, teño que dicir, que me reconciliei parcialmente con eles, sobre todo con Pascal, polos seus pensamentos, pero fixéronmo pasar moi mal durante os meus anos infantís e adolescentes cos seus respectivos principios que para min nunca remataban).

Alguén, miña nai ou meu pai, me arroupou cunha gran toalla esponxosa que ulía a reliquias dun perfume evanescente, de oriente, que tiña uns paus no seu interior coma se fosen uns escarvadentes afogados. Un recendo que flotaba por toda a estancia. Eramos po-

bres, pero uliamos ben, moi ben! Quedábame quieto, morto de frío, tremelicando, mentres me fretaban con forza para entrar en calor, o pelo mollado, pegado á cabeza, de chorlito?, e íame poñendo vermello coma a cara do avó, coma o coche de bombeiros, coma o tomate que eternamente estaba posto na mesa da cociña...

Saltabas na cama: pumba, pumba!, encima dunha colcha verde e brillante con motivos orientais, aínda que a miña orientación era nula; descoñecía por completo os puntos cardinais, se era de noite ou era de día. Unha parella de campesiños chineses levando cubos de madeira cun indefinible aparello nas súas costas e unhas casas cuns tellados imposibles, *pagodas*, oínas nomear algunha vez, embelecían o cobertor que semellaba de veludo, un gran campo de variadas gamas de verde: verde limón, verde chícharo, verde moco, verde botella... (un día lin que tamén había unha cor chamada verde gay, admirable!). A verde era a miña cor favorita, pero non sabía porqué. Unha cuestión de gustos indefinible, como se viñese dada naturalmente semellante inclinación verdosa. E a azul caíame bastante mal, tampouco sabía a causa, pero, non obstante, gustábame o ton azul do ceo con toda a súa inmensidade. O 5 era verde e o 6 era azul, e aínda non lera a Rimbaud, outro anxiño... A,e, i,o, u.

Desa zona, do oriente, parece ser que á dereita do mapamundi, era tamén o chinés do paquete de flans que ulían a vainilla, mmmmm! Traían, os paquetes, un sobre con caramelo líquido, denso e escuro, pegañento coma as babas do caracol ou máis se cabe. Caía lentamente nun recipiente metálico e a miña nai estendíao con paciencia arredor para facer o biscoito de manteiga e de limón, obxectivo larpeiro das merendas. Un longo e fino bigote tiña o chinesiño dos flans e imaxinabas que falaba polo "I": «Eu *sel* chinés *mandalín*, e téñoille medo ós *latos* e ós *laposos*». Na cociña, alumeada timidamente por unha lámpada calva e sucia cando anoitecía, había un chineiro onde vivía o chinés dos flans, por iso chamábase chineiro (hai unha lóxica subxacente e incuestionable nas cousas deste mundo incomprensi-

ble). Ao seu lado, pegado ao paquete dos flans, atopábase unha botelliña de quina á cal eu lle daba grolíños ás agachadas para coller folgos ante a existencia ou porque sabía rematadamente ben, glu, glu! Tiña un tapón de cortiza pequeniño que co degoiro un día case trago; a botelliña minguaba dedo a dedo, literalmente xa que, ás veces, utilizaba un dedal para coser que tiña a miña nai nunha caixa vermella da costura, para medilo axeitadamente e con tento, non fora que me delatase bebendo de máis, ollando a dereita e esquerda por se acaso (xa comezaba a situarme, é un dicir). Dedal de viño doce saboroso. Gulapo vai, gulapo vén. Na caixa da costura tamén había *pagodas* debuxadas en negro como con pluma e no seu interior multitude de fíos, botóns de cores, agullas e alfinetes, un arco da vella revoltó. «Seríamos chineses?», comezaba a preguntarme dadas as evidencias de símbolos orientais por todas as partes, aínda que, en realidade, non sabía o que eran os símbolos, nin orientais, non sabía nada de nada (agora tampouco). Mirabas desconfiado, ollos atravesados, ao chinés dos flans, xa que, crías, que el tamén bebía sen permiso, que empinaba o cóbado ás túas costas, e non estabas disposto a compartir o teu tesouro con ninguén (ata aí poderíamos chegar!); así que volvía de cara ao susodito chinés do paquete á madeira interior do andel do chineiro para que non se lle ocorrese chuchar naquel líquido excepcional, era unha boa obra de caridade para evitarlle así a tentación de mollar a palleta e que eu lle dese, ademais, unha labazada. Teño que confesalo, tiña a man frouxa de máis por aqueles tempos cando non tiñamos reloxo nin auga corrente...

Na escola do barrio, cando facías algo mal, ou incluso por non facer ren, é dicir, por facer o lacazán ou non dar pancada, tamén che poñían de cara á parede ou de cara ao encerado para que recapitases acerca da falcatruada que fixeras. A parede era branca e o encerado negro. Aburriáste mortalmente ou dabas en pensar en calquera cousa, por exemplo: cantos doces de merengue poderías comer nunha sentada? Resposta: un, o merengue non me entusiasmaba, ou

contabas os xices espallados por alí, ou imaxinabas a posibilidade de ser invisible e atravesar as paredes, ou por que dous máis dous eran catro? A mente non paraba, non podía estar apazugada e voaba, voaba coma unha alfombra máxica da vella Persia ou coma un papaventos polo aire dunha praia deserta.

Neste caso, o de castigar ao chinés dos flans, era para previr, «máis vale previr que curar» dicían os maiores, os sabichóns (logo chegabas á conclusión de que eles, os maiores, estaban tan perdidos coma ti). Eu desconfiaba do chinés dos flans coa súa face sempre riseira, tanto sorrir che estrañaba. Se o chinesiño mandarín era chinés, as mandarinas, por lóxica, tamén eran chinesas. Pero, en qué país aparecera eu? Aínda non o sabía con exactitude, pero ben axiña saín da dúbida (hei de confesar que me custou dabondo).

Ademais, na televisión, que o avó lle comprara a avoa, mellor dito, trouxérona despois de pagar unha letra dunhas vinte oito polo que aínda non era nosa, malia que el pensaba que non reportaría nada bo para o desenvolvemento intelectual da familia, aparecían uns debuxos animados de ratiños xaponeses moi simpáticos e que tiñan longos rabos sutís e ían vestidos con quimonos e zocos altos, que facían aumentar a miña sorpresa e a miña convicción de que se non eramos chineses ou xaponeses pouco lle faltaba. A señora Mercedes Villa, unha veciña de pelo encrespado e lixeiro bigote, imitábaos rematadamente ben, falando polo “I” (ou sexa, pensabas ti coa túa lóxica infantil: «Os chineses e os xaponeses falan igual»), e sacando os dentes coma un coello, calcábaos, vaia que si! E eu ríame moito, ás gargalladas, ata chorar, e repetíalle á señora Mercedes, case implorando: «Vólvaos a facer, señora Mercedes, por favor, é vostede graciosísima!», pero a miña nai dicíame que non fora tan pesado, e eu enfurruñábame, poñíame dos cornos porque se metía onde ningún a chamaba, inclinación típica das mulleres como comprobei posteriormente. «Que feo te pos cando te enfadas», dicía ela, e seguía calcetando un xerseí branco de punto de arroz (outra sospeita, as

ilustracións da colcha eran arrozais chineses), dálle que che pego. Os xaponeses e os chineses, parecíanse tanto que semellaban do mesmo país, e calquera os distinguía, porras!; rematabas mandándoos a fritir espárragos (coñecía a frase, pero non tiña nin idea do que era un espárrago), pero tantas referencias chinesas e xaponesas despistábante e non te situabas ben no mapa. O punto de situación era vital para orientarse. Estaba perdido!, un compás, por favor!

Os nenos na rúa dicíamos: «Laranxas da China», sobre todo Gus Alcalde, que sempre tiña na súa boca a frase: «Vaite tomar laranxas da China», sen xeito nin dereito. De feito, coido que non dixo outra frase en varios anos, ao menos eu non o recordo, claro que a miña memoria non é moi boa, é unha paisaxe lacustre, un queixo gruyer, un coador, advírtollelo dende o principio, a quen llo advirto? Non sei... Aínda que o de Gus Alcalde non é do todo certo. Un día, que discutíamos acerca do modelo dun coche e non nos poñiamos de acordo, de súpeto, Gus Alcalde, soltou, para a nosa admiración: «É un Gordini», e alguén lle preguntou, unha vez repostado da impresión: «E ti, como o sabes, listo?», ao que el respondeu volvendo á súa cantilena: «Vaite tomar laranxas da China», e xa ninguén moveuno de aí, seguramente porque era moi introvertido ou tiña unha fixación cristalizada coas laranxas dese lugar, que eu supoñía preto, ata o punto que para meus adentros pensaba que vivíamos na China ou pouco lle faltaba. Incluso na clase, Gus Alcalde non dicía outra cousa, nunca o oín falar extensamente; se lle pedías algo, unha goma ou un lapis, limitábase a darcho sen máis, con xenerosidade, pero sen alborotos, seriamente; nos recreos acostumaba afastarse dos grupos e raramente xogaba ao fútbol; cando lle preguntaban a lección, permanecía mudo ou farfallaba algo que a min me parecía a frase de marras. Penso que estaba namorado da mestra, e non era unha idea sen pés nin cabeza, senón pola maneira como a miraba, con ollos coruscantes e atentos... Eu tamén estaba namorado dunha rapaciña moi bonita de trenzas de trigo que se chamaba..., por iso sei ben. Baste dicir que eu era

moi namoradoiro, o cal non era moi intelixente pola miña parte. Na miña vida namoreime máis de duascenas veces e iso coído que non é bo nin saudable para un equilibrio psicolóxico normal. Pero nin os equilibristas están equilibrados no marasmo deste mundo. (Revisar o concepto de alienación en Marx, cando non teña tempo. Estamos alienados e aliñados e apañados). E nin sequera son pesimista! (estas últimas liñas son unha tolemia que non veñen a conto, pero déixoas porque teño sono).

Gus Alcalde posuía, como un don prodixioso, unha habilidade abraiante e especial para subirse ás árbores, porén, custáballe baixarse delas. Podíase pasar toda a mañá dun sábado nun tronco ou nunha póla coa actitude dun indio vixiando, aparentemente cavilando nun mundo afastado, coa mirada ensimesmada, esquiva ao inmediato. Seguro que pensaba en algo, pero non lle preguntabamos porque, ou ben non contestaba ou ben dicía o seu retrouso impenitente. «Está na verza», comentaba alguén ao observalo, e o deixabamos xa por imposible. Podíase dicir que Gus Alcalde era unha incógnita, un misterio. É todo o que podo falar del. En perspectiva, a literatura perdeu, por falta de coñecemento e interese, un virtual personaxe moi saboroso, se se tivese estudado con máis pausa o seu pechado carácter, seica coma Bartleby, aquel escribente da obra de Herman Melville que sempre estaba a dicir: «Preferiría non facelo». Eu non o vou facer tampouco, quero dicir estudar o carácter de Gus Alcalde, xa que, simplemente, non se me apetece. Os caracteres herméticos prodúcenme claustrofobia. Direi, para coñecemento xeral, aínda que, seguramente non lle importe a ninguén, que, pasados os anos, chegou ao meu caletre que Gus Alcalde se enrolara nun bacallaeiro e sucado as xélicas augas de Terranova, seica era en navegar no que pensaba cando estaba enriba das árbores, e que continuaba, erre que erre, dicindo a expresión de sempre. Díxome un coñecido que coincidira con el no barco. Tamén me contou que despois dunha terrible tempestade, con ondas de vinte metros que tiveron en xaque a toda a tripulación,

e interpelado Gus Alcalde polos seus compañeiros de singradura sobre que lle parecera o temporal, xa que era a súa primeira travesía, el, encolleu os ombros e dixo cun laconismo proverbial que admirou a todos, porque creron que contía unha valentía e frialdade inusitadas: «Laranxas da China!».

Unha expresión así, pódete resultar beneficiosa para a túa fama e gloria. É importante, quizais vital, ter unha frase recorrente que poidas dicir en calquera ocasión ou circunstancia, que che poida quitar as castañas do lume nas situacións máis comprometidas ou arriscadas como o caso de Gus Alcalde. Por exemplo, noutra situación perigosa: «Quere vostede por lexítima esposa a esta muller?». «Laranxas da China!».

As frases feitas que se din a miúdo poden durar moitos anos, incluso toda a vida, e chegado o caso ser as derradeiras verbas antes de deixar este mundo tan abstruso. Alguén debería facer un profundo e documentado estudo psicolóxico acerca dos retrousos, aínda que seguro que xa o hai neste universo que nos toca vivir, no que se escribe e se fala de todo, e ao final non sabemos de nada, seica por exceso de información ou porque somos rematadamente superficiais... (Estoume poñendo estupendo e profundo, e non quería. «Era tan profundo que se afogou nas súas propias cavilacións». Analizar isto máis tarde, mellor á hora de merendar).

Na China había unha muralla moi grande chamada a gran Muralla de China, de miles e miles de quilómetros, pero que Marco Polo nin viu, ao mellor estaba en ruínas daquela, e enfronte da nosa casa tiñamos outra de varios metros, non por iso menos importante, unha muralla de parede rugosa coma un crocodilo rematada nos cabeiros duns cristais agudos de variadas cores que escintilaban ao sol do mediodía, e que, ás veces, facíanche chiscar un ollo, ou os dous (deste xeito semellabas un chinés, outra pista para pensar que estabamos na China). Aí, ao carón da muralla, xogabamos ao fútbol ata a extenuación, ata estar derreado, e unha vez, o balón Yes, que era “si” en

inglés ademais da marca, quedou cravado na aresta dun cristal facendo equilibrios e desinchándose ante a nosa impotencia. Tirámoslle pedras á esgalla ata que caeu, pero xa non servía para nada, tiña unha racha de morte, unha fendedela irreparable. A rúa era terrosa, encheda de pedras e as beirarrúas desiguais, e alí, na terra, cando non había balón, xogabamos ao peón e a billarda, ao cravo e ás bólas durante horas que pasaban case sen nos decatar do que sucedía no mundo. Ensimesmados nos xogos, a noite caía lentamente escurecendo o anil do ceo, e mentres a rosada despregaba o seu tenue veo de frescor e as luces das casas formaban cadrados na rúa ao saíren polas fiestras e portas, deixando co contraste unhas sombras (tamén chinesas?) recortadas no chan, unha renovada emoción brotaba nos nosos peitos, e seguíamos entretidos baixo unha barafunda de olores das ceas que comezaban a preparar no barrio. Esa emoción case podería definirse como nostalgia, pero nostalgia de qué poderíamos ter nós que acababamos de chegar a este mundo incomprendible que se barruntaba mesturado de ilusións e desencantos a partes iguais? Semellaba algo difícil de explicar a susodita sensación, suspendíache nun estadio intermedio entre a terra e o ceo, fóra do tempo e do espazo (por favor!, nin que levitamos!)... Ese frescor nocturno penetrábache nos pulmóns e sentíaste estrañamente ledó e animado, alleo ao mundo a as súas circunstancias, gozando dos xogos, inconscientes do que nos rodeaba e dos paus que, seguramente, nos ía a deparar a existencia.

Pumba, Pumba! Seguías saltando na cama. Escena repetida unha e outra vez. No noveno impulso, aproximadamente, a cabeza botou no chan coma unha pelota, despois dun voo acrobático sen rede, caída en picado, un debuxo animado. Cabeza de chorlito. Un bo croque, de campionato, un pano húmido avinagrado e dous grollos de quina para paliar o desastre. «Que sexan tres, estou moi malferido!». Un pensamento xurdiu en refacho decimal: «Os flocos da colcha verde rozaban o piso», vírao ó caer mentres daba o escorzo sideral polo espazo lagumento e esbrancuxado do cuarto, case saio

pola fiestra atravesando os cristais. Feridas dun saltimbanqui circense. «Na vida apréndese a base de trompazos, labazadas e fociñadas», dixo o avó filosoficamente, cuxa voz soou coma unha ladaíña de eco estrondoso no meu interior, non sei se polo golpe ou pola verdade que eu acabara de experimentar e de escoitar. Amosábase preocupado pola saúde do aprendiz de querubín sen ás, pero sen deixar pasar a oportunidade de soltar unha pílula de sabedoría popular, e logo comezou a falar, non era poupo en palabras, sobre a lei da gravidade e da libre caída dos corpos, no preciso momento que me poñían unha nova toalla, con cheiro a vinagre, na testa. E a mente quedou por uns intres xogando coa palabra “trompazos” que me lembraba a trompa dos elefantes que era coma unha mangueira que utilizaban para beberen, unha morea de litros absorbían os tunantes, e tamén as “trompas”, as talladas que ás veces, agarraba el mesmo, o avó, quen, mergullado nelas, dicía con ollos entornados, case chineses, con voz pegañenta de babosa: «Aquí mando eu, Martín Pirulicio!», dando unha sonora puñada na mesa da cociña, facendo tremar os pratos e os cubertos amén do eterno tomate que alí atopábase de maneira increíble, case milagrosa. E miña nai dicía cando o avó estaba así, medio bébedo (ou enteiro): «Non facerlle caso, está de media vela», o cal non aclaraba nada. Había frases tan complexas coma as matemáticas. Incomprensibles. Que era iso da vela? Referíase á vela dun barco? Ás de sebo cando se ía a luz eléctrica?... E despois, sen querer pensaba nunha magnífica babosa que vira un día do verán, na aldea. Unha balea en miniatura, incluso tiña cola, un prodixio da natureza, Moby Dick de seis centímetros, dun negro coruscante, arrepiante, acibeche en movemento lento... Estou saíndo pola tanxente, vou perder o fío... Mexar fóra do texto... O golpe na cabeza...

Coa toalla enrodelada na cabeza a modo de turbante hindú, pensaba tamén nun pirulí vermello, adozado e graxento, semellaba que chupabas un capuchón pequeniño. Estaba un pouco mareado pola caída e o golpe, como aquela vez que subira aos cabaliños e per-

dera a noción do tempo e do espazo por mor da velocidade. Nese intre estiven a piques de aprender a teoría da relatividade que moi poucos entenden. Desnortado polos vieiros da existencia. Había que asirse a certas evidencias: os chineses viñan do oriente como os Reis Magos, aínda que saber onde estaba o oriente, xa era en si, unha orientación; eu tiña todo moi confuso, onde comezaba o oriente con exactitude?, quen son?, onde estou?, eran preguntas que me facía a miúdo, a última, ás veces, xogando ás agachadas, en lugar de buscar aos demais, buscábame a min mesmo...

«Coido que un pouco de chocolate viríame ben», dixeron con resolución, aproveitando a conxuntura e a aliñamento dos planetas. «Se pides chocolate non te encontras tan mal, so farsante», dixo a miña nai cambiándome a toalla. «Hai que aplicarlle fomentos», comentou o avó. Que quería dicir esa palabra de rareza extrema? Doeríame? Sería estranxeira? A verba, en si, daba un pouco de grima. Incluso había un Ministerio de Fomento, segundo a televisión, e semellaba cousa moi seria... Incomprensible. Definitivamente o mundo era un galimatías de moito coidado, un labirinto sen planos onde orientarse... Comezaba a ter medo...